

Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por servizos de instalacións deportivas e servizos análogos

ARTIGO 1. Fundamento e Natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por prestación de servizos en instalacións deportivas, casas de baño, duchas, piscinas e outros servizos análogos.

ARTIGO 2. Feito Impoñible

Constitúen o feito impoñible da Taxa a prestación dos servizos de Instalacións deportivas, casas de baños, duchas, piscinas, e outros servizos análogos especificados na tarifa.

ARTIGO 3. Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos que integran o feito impoñible.

ARTIGO 4. Responsables

Responderán dá débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. Cota Tributaria

A contía da taxa verá determinada con arranxo ás tarifas que figuren no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 6. Exencíons e Bonificacións

De conformidade co disposto no artigo 9 del R.D.L. 2/2004 non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei, coa sola excepción dos establecidos nos apartados seguintes:

- Estarán exentos de taxas pola utilización de instalacións deportivas e servizos análogos, os suxeitos pasivos membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.934,00 €. A titularidade de Bens Inmóbiles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305,00 €.
- Estarán exentas de taxas os integrantes de familia numerosa contén con ingresos brutos anuais, per capita inferiores a 6.155€, no exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para o goce desta exención ditarase resolución da Concellaría de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior

ARTIGO 7. Devengo

Devéñase a taxa e nace a obrigación de contribuír desde o momento en que se solicita a prestación de calquera dos servizos que se regulan nesta Ordenanza.

No caso de que se reserve unha pista ou calquera dos elementos definidos no cadre de cotas tributarias, deberá ingresarse no momento da reserva o custo da taxa.

ARTIGO 8. Réxime de Ingreso

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou nun momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servizo ou de realiza-la actividade.

Cando se trate de servizos ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servizo ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servizo ou realizada a actividade.

ARTIGO 9. Normas de Xestión

Se considerarán membros da unidade familiar os fillos menores de 18 anos e os menores de 25 que viven a costa dos seus pais (circunstancia esta última que deberá acreditarse documentalmente). Así mesmo os cónxuxes e membros de parellas de feito legalmente inscritas no Rexistro do Concello.

Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarse a taxa cando se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos nos artigos 60 e 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria

No caso de "Escolas Deportivas", cando a inscrición se solicite unha vez comezado o curso, a tarifa poderá reducirse na parte proporcional correspondente ós meses completos xa transcorridos.

O Concello poderá esixir o depósito previo dunha fianza para responder das indemnizacións por desperfectos que poidan producirse nas instalacións deportivas, ou calquera outro servizo complementario.

ARTIGO 10. Infraccións e Sancións

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvran.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor no momento da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de ano seguinte a da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

A N E X O

A cantidade a esixir por esta taxa obterase por aplicación das seguintes tarifas:

INSTALACIÓN S DEPORTIVAS

1.—ESCOLAS DEPORTIVAS

	<i>Importe/Curso Completo</i>
1.1.—Importe por curso, de calquera das ensinanzas deportivas impartidas polo Concello:	
Primeiro membro da unidade familiar.....	65,76
Segundo membro da unidade familiar	49,29
Terceiro e seguintes membros da unidade familiar	32,82
1.2.—Cursos de Verán	22,30
1.3.—Seguro Obrigatorio de Accidentes	9,85
2.—USO DAS PISTAS E DEMÁIS INSTALACIÓN S	
Importe por pista/ hora	12,00